



A N U N C I O

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE MUSEOS. FUNCIONARIO DE CARREIRA. CONCELLO DE VALDOVIÑO.

Expte. 2021/E001/000009

O Tribunal cualificador do proceso selectivo indicado, en sesión celebrada no día de hoxe, 2 de maio de 2022, ACORDOU, entre outros, e de conformidade coas bases da convocatoria:

PUBLICAR o cuestionario tipo test do primeiro exercizo da fase da oposición coas respostas correctas (marcadas en negra), unha vez tivo lugar neste día a realización do citado exercizo polos aspirantes.

CUESTIONARIO E RESPONSTAS:

1ª.- O planteamento de conflitos de competencias nun concello, correspondelle a:

- a) Ao Alcalde
- b) Ao Pleno**
- c) A ambos

2ª.- A aprobación da oferta de emprego público corresponde a:

- a) O Alcalde**
- b) Ao Pleno
- c) A ambos

3ª.- Son dereitos e deberes dos veciños:

- a) Ser electores e elexibles
- b) Pedir consulta popular
- c) **a) e b) son correctas.**

4ª.- Qué regula o artigo 3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro?:

- a) A capacidade de obrar**
- b) O concepto de interesado
- c) Ningunha é correcta

5ª.- Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen un prazo máximo para resolver, será de:

- a) 3 meses**
- b) 1 mes
- c) Nengunha é correcta

6ª.- Qué regula o artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro?:

- a) O cómputo de prazos nos rexistros
- b) A ampliación de prazo
- c) **A tramitación de urxenza**

7ª.- As notificacións, en qué prazo deberán de cursarse?:

- a) **Dentro do prazo de 10 días a partir da data en que o acto sexa ditado.**
- b) Dentro do prazo de 15 días
- c) Ningunha é correcta.

8ª.- Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se descoñeza o lugar de notificación, ou ben, intentada ésta non se puidese practicar, a notificación farase obrigatoriamente por medio dun anuncio publicado en:

- a) **BOE**
- b) DOGA
- c) BOP

9ª.- Qué regula o artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro?:

- a) **A notificación infrutuosa**
- b) A Publicación
- c) A nulidade de pleno dereito.

10ª.- España é:

- a) Estado social e democrático de dereito
- b) Unha monarquía parlamentaria
- c) **Ambas**

11ª.- De acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, terán carácter privado os seguintes contratos:

a) **Aqueles cuio obxecto sexa a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.**

b) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministro e servizos.

c) Os contratos de concesión de obras e de concesión de servizos.

12ª.- De acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, os contratos que celebren as Administracións Públicas adxudicaranse, con carácter xeral:

a) de forma directa sempre que non se cumpran as normas do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

b) Utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

c) polo procedemento de emerxencia.

13ª.- De acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen al ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 las competencias como órgano de contratación :

a) Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nen, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nen a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercizo, nen á contía sinalada.

b) Corresponden ao Pleno respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nen, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nen a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercizo, nen á contía sinalada.

c) Ningunha das anteriores é correcta.

14ª.- De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, son dereitos dos interesados, entre outros, os seguintes:

a) dereito de acceso, de valoración e de supresión.

b) dereito de acceso, de rectificación e de publicidade.

c) dereito de acceso, de rectificación e de supresión.

15ª.- De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentemento:

a) cando sexa maior de dezaseis anos.

b) cando sexa maior de catorce anos.

c) en ningún caso o tratamento dos datos persoais dun menor de idade poderá fundarse no seu consentemento.

16ª.- De acordo coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos incluso nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.
- b) Os particulares en ningún caso terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes de calquera lesión que sufran nos seus bens e dereitos.

c) Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos agás nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.

17ª.- De acordo coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e no ámbito da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, serán indemnizables:

a) as lesións producidas ao particular provenientes de danos que éste non teña ol deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.

b) as lesións producidas ao particular provenientes de danos que éste teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.

c) as dúas respostas anteriores son correctas.

18ª.- De acordo coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o procedemento ordinario de concesión de subvencións:

a) tramitarase en réxime de concesión directa.

b) tramitarase en réxime de concurrencia competitiva.

c) tramitarase en réxime de prorrateo.

19ª.- De acordo coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) o pago da subvención realizarase sempre con carácter previo á xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

b) o pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos

términos establecidos na normativa reguladora da subvención.

c) o pago da subvención realizarase simultaneamente á justificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedue nos términos establecidos na a normativa reguladora da subvención.

20ª.- De acordo coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en cal dos seguintes supostos procederá o reintegro das cantidades percibidas:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou na adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) As dúas respostas anteriores son correctas.

21ª.- Segundo o artigo 59 da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español ,son museos:

a) **as institucións de carácter permanente que adquiren, conservan, investigan, comunican e exhiben para fins de estudo, educación e contemplación conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, científico e técnico ou de calquera outra natureza cultural.**

b) as institucións de carácter temporal que adquiren, conservan, investigan, comunican e exhiben para fins de estudo, educación e contemplación conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, científico e técnico ou de calquera outra natureza cultural.

c) ningunha é correcta

22ª.- Segundo o artigo 61 da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico español os Archivos, Bibliotecas e Museos de titularidade estatal e carácter nacional serán creados mediante:

a) Orde Ministerial

b) Real Decreto.

c) Aprobación do Consello Do Patrimonio Histórico Español

23ª.- Segundo o artigo 63 da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico español os Bens de Interés Cultural, así como os integrantes do Patrimonio Documental e Bibliográfico custodiados en Archivos e Museos de titularidade estatal non poderán saír dos mesmos sen previa autorización, que deberá concederse mediante:

a) Real Decreto

b) Aprobación do Consello Do Patrimonio Histórico Español

c) Orde ministerial

24ª.- Segundo o artigo 8 da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico español, as persoas que observen perigo de destrucción ou deterioro nun ben integrante do Patrimonio Histórico Español :

- a) **poderán, no menor tempo posible, poñelo en coñecemento da Administración competente, quen comprobará o obxecto da denuncia e actuará con amaño ao que nesta Lei se dispón.**
- b) **deberán, si cree oportuno, poñelo en coñecemento da Administración competente, quen comprobará o obxecto da denuncia e actuará con amaño ao que nesta Lei se dispón.**

c) **deberán, no menor tempo posible, poñelo en coñecemento da Administración competente, quen comprobará o obxecto da denuncia e actuará con amaño ao que nesta Lei se dispón.**

25ª.- Segundo o artigo 2 da lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Correspóndelle :

- a) o Estado Español a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia.
- b) **á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia.**

c) ningunha é correcta

26ª.- Segundo o artigo 4 da lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, ¿quen promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galicia que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas, así como a cooperación con Portugal para a valorización do patrimonio cultural de interese común nas zonas transfronteirizas?

- a) **a Xunta de Galicia**
- b) O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

c) Os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia.

27ª.- Segundo o artigo 5 da lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:

- a) A cidadanía ten o deber de acceso, coñecemento e desfrute, así como á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural de Galicia, nos termos establecidos nesta lei.

b) A cidadanía non ten dereito ao acceso, coñecemento e desfrute, así como á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural de Galicia, nos termos establecidos nesta lei.

c) A cidadanía ten dereito ao acceso, coñecemento e desfrute, así como á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural de Galicia, nos termos establecidos nesta lei.

28ª.- Segundo o artigo 7 da lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, quen non e órgano asesor en materia de patrimonio cultural:

a) A Comisión Técnica de Arqueoloxía.

b) O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

c) O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

29ª.- Segundo o artigo 8 da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os bens de interese cultural poden ser :

a) inmobles, mobles ou inmateriais.

b) *inmobles ou mobles*

c) *soamente inmobles*

30ª.- Segundo o artigo 32 da lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia:

a) poderan conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

b) non están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

c) están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

31ª.- Segundo o artigo 111 da lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, os museos son:

a) institucións de carácter temporal, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á *promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural.*

b) institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural.

c) institucións de carácter permanente, abertas ao público e con finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural.

32ª.- Segundo o artigo 111 da lei 5/2016, do 4 de maio, do *Patrimonio Cultural de Galicia*, cal non é función dun museo:

a) A organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal.

b) A conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada das coleccións.

c) A elaboración e publicación de catálogos e monografías de fondos doutros museos.

33ª.- Segundo o artigo 3 da lei 7/2021, do 17 de febreiro, de *museos e outros centros museísticos de Galicia*, é función dos museos:

a) Facilitar o acceso ao patrimonio cultural existente nos museos e aos seus fondos, con respecto aos principios de igualdade e non-discriminación.

b) Promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero.

c) todas son correctas.

34ª.- Segundo o artigo 26 da lei 7/2021, do 17 de febreiro, de *museos e outros centros museísticos de Galicia*, Constitúe a Colección Museística de Galicia:

a) conxunto de bens culturais cuxa titularidade corresponde ao Estado Español e que forman parte de centros museísticos do seu territorio, sen prexuízo do concepto polo que ingresen ou ingresasen en tales centros.

b) o conxunto de bens culturais cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia e que forman parte de centros museísticos do seu territorio, sen prexuízo do concepto polo que ingresen ou ingresasen en tales centros.

c) *ningunha é correcta*

35ª.- Segundo o artigo 33 da lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, Todas as saídas de fondos museísticos fóra das instalacións do centro a que estean asignados, incluídas as saídas para exposicións temporais, análise, estudo ou restauración, deberán ser previamente autorizadas:

- a) **pola persoa titular de tales fondos, sen prexuízo das condicións técnicas particulares que poida establecer o centro xestor e sen prexuízo, igualmente, do sinalado, para os bens declarados de interese cultural e para os bens catalogados, nos artigos 64 e 66, respectivamente, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.**
- b) polo Consello de Centros Museísticos de Galicia, sen prexuízo das condicións técnicas particulares que poida establecer o centro xestor e sen prexuízo, igualmente, do sinalado, para os bens declarados de interese cultural e para os bens catalogados, nos artigos 64 e 66, respectivamente, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

c) pola Xunta de Galicia, sen prexuízo das condicións técnicas particulares que poida establecer o centro xestor e sen prexuízo, igualmente, do sinalado, para os bens declarados de interese cultural e para os bens catalogados, nos artigos 64 e 66, respectivamente, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

36ª.- Cal é a norma que actualmente certifica a calidade da visita aos museos españois e que permite conseguir a marca Q de Calidade Turística:

a) **certificación UNE 302002:2018**

b) certificación OHSAS 18001

c) certificación ISO 14001

37ª.- A partir de que Asamblea Xeral del ICOM a definición de conservación preventiva pasou a ser aplicable en tódolos museos do mundo?

a) XX Asamblea Xeral del ICOM Barcelona 2001

b) XIX Asamblea Xeral del ICOM Melbourne 1998

c) **XXV Asamblea Xeral del ICOM Shanghai 2009**

38ª.- Para ser sostible, un museo ten que ser:

a) realizar actividades culturais para a cidadanía, fomentando consumo de produtos.

b) conservar o patrimonio para as xeracións futuras, buscando concienciar e difundir hábitos sostibles, comprometéndose co medio ambiente.

c) conservar o patrimonio para as xeracións futuras, sen importar os custos medioambientais que poida supor.

39ª.- Segundo o artigo 9 da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico español, a obra dun autor vivo:

a) en ningún caso poderá ser declarada Ben de Interés Cultural.

b) non poderá ser declarada Ben de Interés Cultural, salvo si existe autorización expresa do seu propietario ou media a súa adquisición pola administración.

c) si se declarase unha obra como Ben de Interés Cultural , implicaría a mesma condición a toda a obra do autor.

40ª.- ¿Qué se entende por Plan Museolóxico?:

a) **É unha ferramenta de planificación museística que ordena obxetivos e actuacións no museo e en todas e cada unha das áreas funcionais, establecendo unha secuencia de prioridades.**

b) É un documento elaborado para a ordenación das actuacións de futuro en cada ámbito concreto do museo.

c) É un documento que posibilita a materialización das especificacións técnicas recollidas nos diferentes programas.

41ª.- No Plan Museolóxico, o diagnóstico dos recursos humanos do museo realízase na fase de :

a) programa de recursos humanos

b) execución do proxecto expositivo

c) análise e avaliación

42ª.- En qué ano foi inaugurado o Océano Surf Museo (OSM):

a) 2015

b) 2016

c) 2017

43ª.- En qué ano foi declarada como festa de interese turístico de Galicia o campionato internacional de surf Pantín Classic:

a) 2014

b) 2015

c) 2016

44ª.- ¿Dentro do surf feminino, qué deportista internacional é considerada como impulsora do surf feminino a mediados dos anos 90?

a) Lisa Andersen

b) Layne Bachley

c) Stephanie Gilmore

45ª.- ¿Cando se celebrou a primeira edición do Pantín Classic?

- a) Setembro 1987
- b) Setembro 1988**
- c) Setembro 1989

46ª. ¿Quen foi o vencedor da primeira edición do Pantín Classic?

- a) Jorge Imbert**
- b) Eneko Acero
- c) Joca Junior

47ª. - ¿Que dous deportistas, en categoría masculina e feminina, son os que mais participacións teñen no campionato Pantín Classic?

- a) Rubén González e Silvana Ado
- b) Eneko Acero e Pauline Ado**
- c) Hodai Collazo e Ornella Pellizzari

48ª. - De modo maioritario, segundo os estudosos do mundo do surf, a orixe da práctica do mesmo situaríase:

- a) na costa de China Oriental
- b) na costa de África Occidental
- c) nas illas do Pacífico sur, na Micronesia**

49ª. - As iniciativas de museos etnolóxicos vinculadas á nova museoloxía deberán garantir:

- a) o desenvolvemento sostible da comunidade**
- b) a participación da comunidade
- c) a toma de conciencia da comunidade

50ª. - ¿Que obra é referente para os estudos antropolóxicos en Galicia?:

- a) Antropología Cultura de Galicia, de Carmelo Lisón**
- b) Cadernos de Estudos Gallegos
- c) Etnografía galega, Cultura espiritual, de Xesús Taboada Chívite.

PREGUNTAS DE RESERVA

1ª. - Qué regula o artigo 21 da Constitución Española?

- a) **O dereito da unión pacífica e sen armas.**
- b) O dereito ao honor.
- c) Ambas son incorrectas

2ª.- Qué regula o artigo 27 da Constitución Española?

- a) **O dereito á educación**
- b) O dereito a sindicarse libremente
- c) Dereito e deber de defender á España

3ª.- Correspondelle ao Rei:

- a) Sancionar e promulgar as leis
- b) O mando supremo das Forzas Armadas
- c) **Ambas son correctas.**

4ª.- Consideraranse contratos menores:

- a) **os contratos de valor estimado inferior a 40000 euros, cuando se trate de contratos de obras ou a 15000 euros cuando se trate de contratos de subministro o de servizos.**
- b) Os contratos de valor estimado inferior a 40000 euros, cando se trate de contratos de obras ou a 25000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.
- c) a) e b) son incorrectas

O que se fai público para coñecemento dos interesados.

Valdoviño, 02 de maio de 2022.
A Presidenta do Tribunal,
Asdo.: Carlota González Navarro